



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 12 DE SETEMBRO DE 2012.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas do día doce de setembro do ano dous mil doce, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

D. Miguel A. Español Otero
D^a. Montserrat Magallanes Álvarez.
D^a. Teresa Vicente Baz
D. Manuel Javier Crespo González
D. Antonio Lomba Baz

Asiste como Secretario o funcionario do Concello D. Juan Alberto Santos Carrero.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓN ANTERIORES.-

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 24 de abril, 15 de maio, 5 e 22 de xuño, 13 e 26 de xullo e 21 de agosto de 2012, ó que responden negativamente os concelleiros presentes en cada unha delas polo que as referidas actas foron aprobadas.

PUNTO 2.- ACORDOS.-

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de XULLO DE 2012 que ascenden á cantidade de 1.420,96 €

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de AGOSTO DE 2012 que ascenden á cantidade de 1.420,96 €

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio correspondentes o mes de agosto de 2012 cuido importe total ascende a cantidade de 749,99 €

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.

Dáse conta do escrito RE 5730 de 10/09/2012 presentado por D.JULIO ESPERANZA MARTÍNEZ, domiciliado na 4ª Trav. Cruz 18 de a Guarda, solicitando vaías, punto de luz, 14 stands e a pérgola de deportes para a celebración dunha feira de discos entre as 9:00 e as 21:00 horas do día 15 de setembro.

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado, comunicándolle que non se dispón de pérgola de deportes.

Lese o escrito RE 5222 de 21/08/2012 presentado por Dª MARÍA JESUS CASILLAS ÁLVAREZ domiciliado na rúa San Manuel nº 1, 28011 Madrid, no que formula queixas relativas á rúa A Lagartosa, (antiga Trav. Enrique Mª Sesto).

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o relativo á placa indicadora da rúa resolverase en breve e respecto do firme da rúa, estase á espera da financiación oportuna para resolver o problema.

Lese o escrito presentado por D. ANTONIO TORRES FERNÁNDEZ, (RE 5252 de 23/08/2012) domiciliado en Valladares-La Garriga 18, 36315 Vigo, no que como propietario dun piso na rúa malteses nº 28, edificio promovido por Hnos Iglesias Dnor S.L., se queixa da non urbanización da rúa e solicita que se devolva o aval das obras en tanto non se urbanice a rúa.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que segundo se ten tratado coa empresa en datas recentes, en breve se realizarán os traballos de urbanización, xa que doutro xeito o concello executaríaa o aval.

Dáse conta do escrito RE 5341 de 24/08/2012, presentado por D. FRANCISCO PÉREZ GONZÁLEZ, domiciliado na rúa Azahar nº 14 de 28522 Rivas Vaciamadrid, Madrid, no que solicita a revisión das medida correctoras da actividade que se desenrola no baixo do edificio da súa propiedade na rúa Rosalía de Castro nº 4.

A Xunta de Goberno Local acorda que polos servizos de urbanismo se proceda a esta revisión.

Lese o escrito RE 5403 de 25/08/2012 presentado por Dª DARINA VICENTE SOBRINO, domiciliada na estrada do Castro nº 44, no que solicita que se lle requira a súa veciña Dª Esther Lomba Álvarez a que manteña as condicións de funcionalidade,



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

seguridade, salubridade e ornato dos terreos da súa propiedade na estrada do Castro nº 46, de acordo coas normas de medio ambiente.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que nos consta que se procedeu a limpeza da finca.

Dáse conta do escrito RE 5531 de 03/09/2012 presentado por D. FRANCISCO RAMÓN ALONSO GÁNDARA, con domicilio en Bujan-Lada nº 13 de A Guarda, solicitando vado para a garaxe do seu domicilio.

A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local no que se sinala que se trata dunha vivenda unifamiliar e que se necesita pintar no fronte en amarelo para facilitar a manobra de acceso, acorda acceder á solicitude do vado para a garaxe da rúa Bujan-Lada 13, comunicándolle ó interesado que debera pasar polos servizos de xestión tributaria do concello.

Dáse conta do escrito RE 5566 de 03/09/2012 remitido pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Consellería de Presidencia da Xunta, remitindo denuncia relativa ó incumprimento de horario por parte de 24 HORAS VENDING S.L, (representada por D^a Carmen María Álvarez González).

A Xunta de Goberno Local acorda darlle traslado da denuncia á Delegación Territorial da Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza.

Lese o escrito RE 5479 de 30/08/2012 presentado por D. JUAN VIDEIRA BARCIA, en representación de UD A GUÍA GUARDESA, domiciliado na rúa Ireira nº 9 de A Guarda, solicitando o uso do Estadio Municipal de A Guarda o sábado día 22 de setembro a partir das 10 da mañan.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 5649 de 05/09/2012, presentado po AC COLECTIVO ARDENTIA, representado por D^a GABRIELA LADREDO MARTIN, domiciliada na Circunvalación nº 24, 1º, esq de a Guarda, solicitando unha sala para desenvolver as súas actividades.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que tal e como se indicou en conversas co Concelleiro de Cultura, se lle cederá unha aula do concello para usos puntuais.

Dáse lectura ó escrito RE 5737 de 11/09/2012 presentado por D. MANUEL COEDO MARTÍNEZ, con domicilio na rúa Méndez Núñez nº 8 de A Guarda, solicitando a reserva de espaciao publico na fronte da súa vivenda, xa que nela habitan tres persoas minusválidas.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno acorda que pola Policía Local se informe ó respecto.

Lese o escrito RE nº 5433 de 28 de agosto de 2012 presentado por D. FELICIANO GONZÁLEZ OTERO, como presidente da Comunidade de Montes de Salcidos, relacionado coa posible ampliación do camiño que trancorre o lado da fonte de Pintan na súa marxe dereita de Norte a Sur.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Solicitar informe do arquitecto municipal sobre a obra que se pretende levar a cabo.
- 2.- No suposto de que o informe sexa favorable, iniciar a través do concelleiro de Vías e Obras as xestións ante os propietarios das parcelas para a obtención das correspondentes cesións de balde.
- 3.- Unha vez superados satisfactoriamente os trámites anteriores, crear unha partida nos próximos orzamentos para a realización da mencionada obra o longo do ano 2013.

Lese o escrito RE 5486 de 30 de agosto de 2012, presentado polo GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, solicitando atención á limpeza das rúas, nos casos concretos das de Domínguez Fontenla, Pacifico Rodríguez e arredores; e visto que esta mañá se esta a efectuar o lavado dunha desas rúas, instan ó concelleiro delegado a que organice estas labores de limpeza fora do horario comercial pois incomoda o comercio e entorpecendo o tráfico, podendo facerse a primeira hora da mañá.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que os traballos de limpeza se inician de madrugada e procurando facelo no horario mais adecuado para non molestar o descanso dos veciños nin ó comercio.

Dáse lectura ó escrito RE 5438 de 28/08/2012, presentado polo GRUPO MUNICIPAL DO BNG, solicitando se tomen medidas para o arranxo e adecentamento do parque infantil situado entre as rúas Galicia e Bechos.

A Xunta de Goberno Local acorda que se tomen as medidas necesarias.

Lese o escrito RE 5251 de 23 de agosto de 2012, presentado pola AAVV PERCAMINO, solicitando autorización para o lanzamento de foguetes con motivo das festas na honra da Virxe das Mercedes.

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado, sen perxuízo de que deban obter os permisos sectoriais correspondentes.

Dáse lectura do escrito RE 5494 de 30/12/2012 presentado por EULOGIO P.ABELEIRA CABALEIRO, domiciliado na Avda. Castelao nº 51, 8º, A, de Vigo, solicitando día e hora para a consulta do expediente relativo ó outorgamento de licencias ou autorizacións para levantamento e cambio total das cubertas na Urbanización Residencial Armona.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local acorda fixar o día 25 de setembro as 9:00 horas para que poda consulta o expediente, nas dependencias de urbanismo do concello.

Lense os escritos RE 5733 e 5734 de data 10/09/2012 presentado por D. RAFAEL CRUZ FERNÁNDEZ, domiciliado na Avda. Florida nº 20, 4º, C, 36210 Vigo, solicitando copia da licencia de construción 268/2006 e da licencia de ocupación 25/2010.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado, debendo poñerse en contacto o solicitante cos servizos de urbanismo.

Visto o Convenio de colaboración que promove a Deputación Provincial de Pontevedra para a coordinación do Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais e visto o orzamento de gasto total dos referidos servizos,

A Xunta de Goberno Municipal acorda asinar o referido convenio e aprobar a achega municipal por importe de 19.081,89 euros (dezanove mil oitenta e un euros con oitenta e nove céntimos)

PUNTO 3.- OBRAS MENORES

Asiste o funcionario do Concello D. Jose Mª Álvarez Álvarez

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisa-lo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., R.E. N.º. 4.019 DE DATA 22 DE XUÑO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE TRAVESÍA DE VIGO N.º. 204 DE VIGO-C.P. 36207, PARA CANALIZACIÓN SUBTERRÁNEA NUNHA LONXITUDE DE 12,00 MTS. PARA SUMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN BAIXA TENSIÓN A VIVENDA UNIFAMILIAR PROPIEDAD DE D. BENITO RODRÍGUEZ PEDREIRA, SITA NA RÚA DE CORUÑA N.º. 8, EN SOLO URBANO.

OBRA: RBTS C/ DE LA CORUÑA (N.º.SGD: 248111110024).



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

A D. JOSÉ MARÍA CONDE FERREIRA, R.E. Nº. 4.259 DE DATA 4 DE XULLO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE LONGRA Nº. 40-B DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA INSTALACIÓN DUNHA PÉRGOLA DE MADEIRA NO PATIO DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE LONGRA Nº. 40-B, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “SALCIDOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.)

A D^a. ANA MARÍA SALCIDOS SANCHEZ, R.E. Nº. 4.455 DE DATA 11 DE XULLO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE PONTEVEDRA Nº. 1-1º A DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REFORMA DE BAÑO E COCIÑA CONSISTENTE EN SUBSTITUIR ALICATADOS, PLAQUETAS, APARATOS SANITARIOS E RETIRADA DE MOBILIARIO E ELECTRODOMÉSTICOS, DA VIVENDA SITA NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL Nº. 50 EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.) “EDIFICACIÓN EN BLOQUE CERRADO”.

A D. SERGIO ÁLVAREZ GONZÁLEZ, R.E. Nº. 4.671 DE DATA 19 DE XULLO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE MALTESES Nº. 24-BAIXO DE A GUARDA-36780, PARA INSTALACIÓN DE 3 RÓTULOS INFORMATIVOS DO RESTAURANTE “CASA OLGA” CUNHAS MEDIDAS DE 1,20 X 0,40 MTS. SITUADAS NA RÚA DE MALTESES, EN SOLO URBANO.

A D. ERNESTO TORRES CASTRO, R.E. Nº. 4.879 DE DATA 31 DE XULLO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA LADA-BUXÁN Nº. 18 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 106,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A MADEIRA E TELLA EXISTENTE POR PLANCHAS DE FIBROCEMENTO E CUBERTO CON TELLA BERMELLA DO PAIS SUXEITA CON GANCHOS DE ACEIRO, NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE LADA-BUXÁN Nº. 18, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CIVIDÁNS” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D^a. ANA CRUZ GONZÁLEZ MARTÍNEZ, R.E. Nº. 4.766 DE DATA 24 DE XULLO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE OLIVA Nº. 76 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 118,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR OS ENTRAMADOS DE



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

MADEIRA E TELLA EXISTENTE POR PLANCHAS DE FIBROCEMENTO E TELLA CURVA BERMELLA CON REMATE DE CUMIOS, LIMAS E ENCHAPADOS, SITA NA RÚA DE OLIVA Nº. 76, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

A CONSTRUCCIONES JOSÉ Y MANUEL, S.L., R.E. Nº. 4.617 DE DATA 17 DE XULLO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA CAMPOSANCOS Nº. 89 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA REPARAR A CUBERTA CONSISTENTE EN LIMPEZA E SANEAMENTO DE CAEIROS E REPOSICIÓN DE TELLAS DA VIVENDA PROPIEDAD DE D. ANTONIO ANDRÉS GONZÁLEZ, SITA NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL Nº. 63, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A D. JORGE ALFAGEME ROCHA, R.E. Nº. 4.615 DE DATA 17 DE XULLO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CUMIEIRA-SAN MIGUEL Nº. 34 DE O ROSAL-C.P. 36770, PARA REPARAR A CUBERTA CONSISTENTE EN LIMPEZA E SANEAMENTO DE CAEIROS E REPOSICIÓN DE TELLAS DA VIVENDA PROPIEDAD DE D. ANTONIO ANDRÉS GONZÁLEZ, SITA NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL Nº. 63, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A D. BLAS GÓMEZ VIZOSO, R.E. Nº. 4.897 DE DATA 1 DE AGOSTO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA CAMPOSANCOS, S/N. DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA PECHER DE FINCA (PARCELA Nº. 217 DO POLÍGONO Nº. 37 DO CATASTRO DE RÚSTICA) NUNHA LONXITUDE DE 56,00 MTS. LINEAIS, REALIZADO CON POSTES METÁLICOS E REDE PLASTIFICADA, EN SOLO NON URBANIZABLE COMÚN (ORDENANZA Nº. 8 DO P.X.O.U.).

A D^a. MARÍA DOLORES GONZÁLEZ GUI SANTES, R.E. Nº. 4.010 DE DATA 22 DE XUÑO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE A GUIA Nº. 9 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR O TELLADO DA VIVENDA E GARAXE PARA EVITAR GOTEIRAS E HUMIDADES; TIRAR RAMPA DE ESCALEIRA EXTERIOR E FORMACIÓN DUNHA NOVA EN FORMIGÓN; REPARAR FRONTAL DE PLACA, SANEAR OS FERROS CON SPRAY, CUBRIR CON CEMENTO COLA E REMATE DE FRONTAL DA PLACA; APERTURA DE OCO EN MURO DE MAMPOSTERÍA PARA ENTRADA DE GARAXE DE 2 X 2 MTS. E REMATE DA MESMA, SITA NA RÚA DE 1º TRV. SOLANAS Nº. 10, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 2 DO P.X.O.U.).



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

A D^a. MARÍA SOFIA VICENTE ÁLVAREZ, R.E. Nº. 4.642 DE DATA 18-07-2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE BRASILINO ÁLVAREZ Nº. 2-3º DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL CONSISTENTE EN DIVISIÓNS DE PLADUR NUNHA SUPERFICIE DE 35,93 M²., PINTADO NUNHA SUPERFICIE DE 71,86 M². E REALIZACIÓN DUN BAÑO CON COLOCACIÓN DE AZULEXO, LAVADO E INODORO, PARA DESENROLO DA ACTIVIDADE DE ACADEMIA DE ENSINANZA SITO NA RÚA DE JULIÁN LÓPEZ Nº. 5-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A D^a. MARÍA JOSÉ LOMBA LOMBA, R.E. Nº. 4.878 DE DATA 31 DE XULLO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CANAL Nº. 3 DE A GUARDA-36780, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 117,22 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA EXISTENTE POR OUTRA TELLA MIXTA TOTALMENTE REMATADA, E PINTADO EXTERIOR DAS FACHADAS TIPO REVETÓN NUNHA SUPERFICIE DE 112,23 M², DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE CANAL Nº. 3, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 3 DO P.X.O.U.).

A D. GIL ÁLVAREZ GONZÁLEZ, R.E. Nº. 4.574 DE DATA 13 DE XULLO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE A CRUZ Nº. 32 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA DEMOLICIÓN DE HÓRREO REALIZADO EN LADRILLO PARA PROLONGAR O TELLADO DO CABANÓN NUNHA SUPERFICIE DE 6,00 M². SITO NA RÚA DE A CRUZ Nº. 32, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D. FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ COBAL, R.E. Nº. 4.782 DE DATA 24 DE XULLO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE AS LOUCENZAS (CAFÉ-BAR BERGANTIN) DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA ACONDICIONAMENTO DE TERRAZA E APARCADOIRO DO LOCAL CAFÉ-BAR “BERGANTIN” SITO NA RÚA DE AS LOUCENZAS, CONSISTENTE EN SUBSTITUIR CÉSPEDE ACTUAL POR PAVIMENTO DE GRES NUNHA SUPERFICIE DE 86,00 M². E ASFALTADO PARA FORMACIÓN DE APARCADOIRO, EN BASE A AUTORIZACIÓN DO SERVICIO PROVINCIAL DE ESTRADAS (EXPTE. Nº.: MT205A 2012/000067-4).

PUNTO 4.- LICENCIAS APERTURA.-



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenzia municipal promovida por **BAIXO MIÑO C.B. – A GUARDA** (RE 3986 de 21/06/2012) para a apertura dun local dedicado á actividade de **COMERCIO MENOR DE MUEBLES**, (Epíg. 653.1) situado na rúa de Concepción Arenal nº 24, baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, **ACORDA** :

Conceder a **BAIXO MIÑO C.B. – A GUARDA** (RE 3986 de 21/06/2012) licenzia para apertura dun local dedicado á actividade de **COMERCIO MENOR DE MUEBLES**, (Epíg. 653.1) situado na rúa de Concepción Arenal nº 24, baixo da Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenzia municipal promovida por **GRUPO PERLOM S.L.** (RE 4286 de 05/07/2012) para a apertura dun local dedicado á actividade de **OFICIÑA ADMINISTRATIVA PESQUERA** situado na rúa de Malteses nº 127, baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, **ACORDA** :

Conceder a **GRUPO PERLOM S.L.** (RE 4286 de 05/07/2012) licenzia para a apertura dun local dedicado á actividade de **OFICIÑA ADMINISTRATIVA PESQUERA** situado na rúa de Malteses nº 127, baixo da Guarda.

PUNTO 5.- CAMBIO TITULARIDADE LICENCIAS.-

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licenzia municipal promovida por **D. SIMON UBEIRA ACUÑA** (R.E. 3753 de 13/06/2012), para o local dedicado a actividade de **OUTROS CAFES E BARES** (Epíg. 673.2), situado na Rúa de Colon nº 2 que antes figuraba a nome de D. Elcio Francisco Moreira Martins.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Comisión de Goberno, por unanimidade **ACORDA** :



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Conceder a **D. SIMÓN UBEIRA ACUÑA** cambio de titularidade na licenza municipal que antes figuraba a nome de D. Elcio Francisco Moreira Martíns, para a actividade de **OUTROS CAFÉS E BARES** (Epíg. 673.2), situado na Rúa de Colon nº 2 de A Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licenza municipal promovida por **D. SERGIO ÁLVAREZ GONZÁLEZ** (R.E. 4067 de 26/06/2012), para o local dedicado a actividade de **RESTAURANTE 1 TENEDOR** (Epíg. 671.5), situado na Rúa de Malteses nº 24, baixo que antes figuraba a nome de D^a. María del Carmen Álvarez González.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Comisión de Goberno, por unanimidade ACORDA :

Conceder a **D. SERGIO ÁLVAREZ GONZÁLEZ** cambio de titularidade na licenza municipal que antes figuraba a nome de D^a. María del Carmen Álvarez González, para a actividade de **RESTAURANTE 1 TENEDOR** (Epíg. 671.5), situado na Rúa de Malteses nº 24, baixo de A Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licenza municipal promovida por **D^a. MARÍA REBECA MILEGO FERNÁNDEZ** (R.E. 4287 de 05/07/2012), para o local dedicado a actividade de **COMERCIO MENOR MERCERÍA E PAQUETERÍA** (Epíg. 651.4), situado na Rúa de Concepción Arenal nº 36, baixo, dta, que antes figuraba a nome de D^a. Amparo González Álvarez.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Comisión de Goberno, por unanimidade ACORDA :

Conceder a **D^a. MARÍA REBECA MILEGO FERNÁNDEZ** cambio de titularidade na licenza municipal que antes figuraba a nome de D^a. Amparo González Álvarez, para a actividade de **COMERCIO MENOR MERCERÍA E PAQUETERÍA** (Epíg. 651.4), situado na Rúa de Concepción Arenal nº 36, baixo, dta, de A Guarda.

Sendo as once horas do día da data, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.